

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 21-04-2025, ditou a resolución con número 1079/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, nomeamento do tribunal e data e lugar de celebración da valoración de méritos da fase de concurso do proceso de selección para a provisión, en réxime laboral temporal do persoal de apoio (*Oficial colocador/a de obra - Carpinteiro/a de madeira*) para a realización do proxecto do Obradoiro Dual de Emprego "OBRADOIRO LUBIANS" do Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco, nas especialidades formativas MAMB0210 - Montaxe e instalación de construcións de madeira e MAMR0108 - Montaxe de mobles e elementos de carpintería.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Decreto da Alcaldía núm. 1000/2025 do 08/04/2025, aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a selección do persoal de apoio, Oficial colocador/a de obra - Carpinteiro/a de madeira, do Obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIANS" do Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco, nas especialidades formativas **MAMB0210 - Montaxe e instalación de construcións de madeira** e **MAMR0108 - Montaxe de mobles e elementos de carpintería**.

De conformidade co disposto na base Cuarta das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP núm. 69 de 10/04/2025).

Segundo.- Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de conformidade co establecido na Base Quinta (*Admisión de aspirantes*): "[...] *No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma complementaria, na páxina web da entidade promotora. Na mesma resolución incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará á aquel para a súa primeira sesión, así como, o inicio do proceso selectivo (que se iniciará coa fase de concurso)*" e, na base Sesta da convocatoria (*Composición da comisión da avaliación*), e de de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección do persoal de apoio mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de duración determinada e a tempo completo dun/ha Oficial colocador/a de obra-Carpinteiro/a de madeira, do Obradoiro dual de emprego "OBRADOIRO LUBIANS" do Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco, nas especialidades formativas **MAMB0210 - Montaxe e instalación de construcións de madeira** e **MAMR0108 - Montaxe de mobles e elementos de carpintería**.

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

Segundo.- Designar a Comisión de Avaliación prevista na Base 6ª da convocatoria (*Composición da Comisión de Avaliación*) que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: Dª. **Marta Vázquez Garea**, Secretaria do Concello de Coristanco.
Suplente: D. **María Dolores Andrade Amigo**, Administrativa do Concello de Coristanco

Vogais:

- Titular 1º: Dª. **Milagros Antelo Cameán**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
Suplente 1º: D. **María Dolores Serrano Bolón**, Técnica de orientación laboral do Concello de Carballo.
- Titular 2º: D. **Juan José Lorenzo Pose**, Director do Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo.
Suplente 2º: Dª. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración xeral do Concello de Carballo.
- Titular 3º: Dª. **Marta Marín Gracia**, Interventora do Concello de Coristanco.
Suplente 3º: Dª. **Mª Carmen Martínez Muñiz**, Auxiliar administrativa do concello de Coristanco.

Secretaria/o:

- Titular: D. **Vítor Recarei Añón**, Administrativo do Concello de Carballo.
Suplente: Dª. **Mª Luz Fernández Sandá**, Administrativa do Concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Nomear como asesores do tribunal que actuará con voz e sen voto, a Dª. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, Técnica Local do Concello de Laracha e a D. **Jesús Puente García**, mestre das dúas especialidades formativas MAMB0210: Montaxe e instalación de construcións de madeira e MAMR0108: Montaxe de mobles e elementos de carpintería, do obradoiro dual de emprego denominado "OBRADOIRO LUBIÁNS".

Cuarto.- Convocar a todos os membros da comisión de avaliación para a **constitución do tribunal** e a realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 22 de abril de 2025 as 10:00 h.** na **Sala de Xuntas** do Concello de Carballo.

Quinto.- Convocar a todos os membros da comisión de avaliación para a realización da **fase de oposición (proba teórica e proba práctica)** que terá lugar o **xoves 24 de abril de 2025 as 10:00 h.** no **Edificio do Fórum** de Carballo.

Sexto.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Coristanco (www.sede.coristanco.gal) e, con carácter complementario, na páxina web municipal www.carballo.org.

Sétimo.- A publicidade do proceso selectivo axustarase segundo o previsto na base décima das bases específicas e convocatoria para a selección do persoal de apoio para a realización do proxecto do Obradoiro Dual de Emprego “**OBRADOIRO LUBIANS**” do Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco, nas especialidades formativas **MAMB0210 - Montaxe e instalación de construcións de madeira** e **MAMR0108 - Montaxe de mobles e elementos de carpintería**.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

María Lorena Rey Paulos

Maria Belén Lendoiro Esmorís

Técnica do servizo de persoal

Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior

ANEXO I.

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección para a provisión, en réxime laboral temporal do persoal de apoio (*Oficial colocador/a de obra - Carpinteiro/a de madeira*) para a realización do proxecto do Obradoiro Dual de Emprego “OBRADOIRO LUBIANS” do Concello de Carballo xunto co Concello de Coristanco, nas especialidades formativas MAMB0210 - Montaxe e instalación de construcións de madeira e MAMR0108 - Montaxe de mobles e elementos de carpintería.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LISTA MORALES	JUAN CARLOS	***3236**

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales